

13.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21 DE MARZO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora accidental:

D. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Non asiste:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 12/2016 DE 14 DE MARZO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 12/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para ampliación de explotación de porcino no lugar de Outeiro - Filgueira – Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 15/03/16 en concepto

de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 738,72 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para melloras tecnolóxicas en industria cárnica, sita no Polígono Industrial de Botos, 13 - Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 11/03/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.357,30 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZAS PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.-

3.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración da III Festa da Charanga Ardores, o día 26 de marzo de 2016, no campo da feira vello – Lalín.

3.2.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de sesión vermú e verbena (festa popular) o día 27 de marzo de 2016, no campo da festa de Soutolongo - Lalín.

3.3.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de sesión vermú e verbena o día 27 de marzo de 2016, no campo da festa de Bermés – Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.-

4.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para acometida na r/ Ponte, 25 - Lalín , e a aprobación da liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/11/15 por importe de de 6,84 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.2.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**, para acometida na r/ Ponte, 41, Lalín, e a aprobación da liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/11/15 por importe de 8,10 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado

concepto e importe.

4.3.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para acometida na r/ Areal, 55 – Lalín, e a aprobación da liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 04/11/15 por importe de de 8,10 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.4.- Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a execución dunha canalización para instalación de rede de baixa tensión para un local comercial en Espiño – Filgueira - Lalín, e a aprobación da liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/02/16 por importe de de 22,27 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Tamén consta a constitución de aval, con data 11/03/16, por importe de 500 euros.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-

5.1.- Acordouse adxudicarlle o contrato de subministración denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE LALÍN”**, á empresa ULLA OIL, S.L, visto o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE LALÍN”**, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de febreiro de 2016,

5.2.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA**, á empresa AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS, S.L. visto o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA**, tramitado mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de xaneiro de 2016,

6.- LICENZA PARA A POSESIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Quedou pendente para mellor estudo.

7.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

Quedou pendente para mellor estudo.

8.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, N° 7/2016.

Acordouse **recoñecer extraxudicialmente a relación de facturas número 00038** e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un **importe total de 3.004,53 €**.

9.- FACTURAS E CONTAS.

9.1.- Acordouse **aprobar e declarar de abono as facturas** da relación n° 00034 por un importe de 547,20 €, da relación n° 00035 por un importe de 359,51 €, da relación n° 00036 por un importe de 38.892,63 € e da relación n° 00039 por un importe de 223.692,67 €.

10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

10.1.- Acordouse o **cambio de titularidade** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE do vado permanente, ubicado no baixo do n° 124 da Avenida Buenos Aires.

10.2.- Acordouse a **alta** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE para vado permanente con destino a taller de chapa e pintura para o baixo do edificio ubicado na rúa da Ponte, n° 103.

10.3.- Acordouse **estimar a reclamación de anulación do recibo de pago do Prezo Público** pola prestación de servizos nas instalacións deportivas

municipais do Concello de Lalín correspondentes á mensuralidade de novembro, dun dos usuarios, por importe de 48,50 €.

10.4.- Acordouse a **concesión** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 06/2016.

10.5.- Acordouse a **concesión** da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co **número 05/2016, con carácter provisional ata o 21/03/2017**.

10.6.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

10.7.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de atención sanitaria non cubertos polos sistemas públicos de saúde por importe total de 155 € a aboar en efectivo.

10.8.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

10.9.- Acordáronse dúas **baixas** no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD). Tamén se acordou a **ampliación horaria**, do Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD), para unha das persoas beneficiarias. Así mesmo, acordáronse dúas **altas** no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD).

10.10.- Acordouse **aprobar as Bases de subvencións a asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actuacións no ámbito dos servizos sociais** e autorizar gasto por importe de 15.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 231.489.26 do orzamento vixente do Concello.

10.11.- Acordouse **autorizar** a celebración da actividade XXVIIª FEIRA DO CABALO DE LALÍN os días 28 e 29 de maio de 2016, organizada pola Asociación Cabaleiros do Deza e solicitar permiso ao Servizo Oficial de Veterinarios da Consellería de Medio Rural.

10.12.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** da XIIª EDICIÓN A BIENAL INTERNACIONAL PINTOR LAXEIRO por importe de

4.040,49 €, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra a documentación precisa para a oportuna xustificación da axuda concedida.

10.13.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** do CICLO DE MÚSICA NA RÚA por importe de 10.000,00 €, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra a documentación precisa para a oportuna xustificación da axuda concedida.

10.14.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos** dos CAMPAMENTOS URBANOS por importe de 8.667,90 €, e remitir á Excm. Deputación de Pontevedra a documentación precisa para a oportuna xustificación da axuda concedida.

11.- CORRECIÓN DE ERROS.-

11.1.- Acordouse a **corrección do erro** padecido no punto 6.1 do acordo contido na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 7 de marzo de 2016.

12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

12.1.- Dáse conta do escrito remitido pola Delegación do Goberno en Galicia mediante o cal se resolve renovar por motivos de seguridade e polo período de un ano, ata o 26 de marzo de 2017, a autorización do uso de nove videocámaras fixas na Casa do Concello de Lalín.

12.2.- Autorízase a un traballador municipal, a asistir o día 1 de abril de 2016, á XORNADA SOBRE A NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA, organizada pola Universidade de A Coruña en colaboración FEGAMP, así como que o Concello se faga cargo do pagamento matrícula por importe de 60 euros e das axudas de custos que correspondan.

12.3.- Autorízase a un traballador municipal, a asistir o vindeiro día 1 de abril de 2016, á XORNADA SOBRE A NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA, organizada pola Universidade de A Coruña en colaboración FEGAMP, así como que o Concello se faga cargo do pagamento matrícula por importe de 60 euros e das axudas de custos que correspondan.

12.4.- Dáse conta do escrito presentado pola Asociación da Terceira Idade de Lalín, no que solicita que un técnico municipal redacte un proxecto de

reforma do edificio que alberga o Centro Social da Terceira Idade respecto das obras que vai acometer en dito edificio a Xunta de Galicia.

12.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do Pavillón do CEIP Xoaquín Loriga de Prado os días de Semana Santa para realizar actividades de fútbol-sala.

12.6.- Acordouse **conceder autorización municipal** para dispor da sala de prensa do Concello de Lalín para celebrar unha asemblea xeral cos traballadores municipais o día 22 de marzo de 2016 ás 14:30 horas e que se facilite a ditos traballadores a asistencia a dita asemblea.

12.7.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o corte parcial da rúa Avda. Luís González Taboada dende o cruce coa Avenida de Buenos Aires ata o cruce coa rúa F, dende o sábado 2 de abril de 2016, dende as 21:00 horas ata as 03:00 horas do día 3 de abril de 2016, con motivo da celebración da presentación dos equipos do Rally do Cocido.

12.8.- Acordouse **conceder autorización municipal** para realizar a formación práctica correspondente ao curso de “Aplicador-Manipulador de Produtos Fitosanitarios. Nivel Básico” na parcela municipal emprazada entre as rúas Avenida da Estación, rúa Bispo Frei José e rúa Padre Otero (parcela na que está ubicada a caseta da Oficina De Información Turística), o vindeiro día 30 de abril de 2016 de 11:00 a 14:00 horas, non podendo realizar dita actividade fora da parcela indicada.

12.9.- Acordouse **conceder autorización municipal** ao uso dun local no edificio municipal ubicado na rúa E do no Polígono Industrial Lalín 2000 o día 31 de marzo de 2016, en horario de 10:00 a 15:00 horas para a celebración da “^{as}T Xornadas de Producción Ecolóxica nas comarcas Deza-Tabeirós e Terra de Montes”.

12.10.- Acordouse **conceder autorización municipal** para a utilizar a rúa Joaquín Loriga o domingo día 10 de abril de 2016, dende as 11:00 ata as 19:00 horas para o estacionamento de motos, así como a colaboración da Policía Local para a dirección do tráfico.

12.11.- Remítese copia aos interesados, Secretaría e Intervención aos efectos legais correspondentes, do auto de sobresemento e arquivo de dilixencias ditado no procedemento abreviado 0000353/2014 do **Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Lalín.**

12.12.- Acordouse o **pago das dietas que correspondan a un traballador municipal**, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Concello de Lalín, con motivo da realización do curso organizado pola EGAP denominado “Expropiación Forzosa e métodos de valoración para determinar o xustiprecio”.
